



/Eso si/ meu queridiño
qu'o arado ...
se nos daban licencia
cantaremo-la regheifa.

Eso si, meu queridiño
prenda do meu paladar-e
con permiso dos da mesa
unha volta imoslle dar-e.

Que veño de larghas terras
atravesando camiños
por ve-los señores novios
y también a sus padrinos.

Veño de larghas terras
atravesando socabos
por ve-los señores novios
e también sus convidados.

Eso sí, meu queridiño,
prenda do meu paladar-e
con permiso destes señores
unha volta imoslla dar-e.

O novio e maila novia
iban polo camp'arriba,
o novio como é tan pillo
tirou a novia por riba.

O novio e maila novia
iban polo camp'abaixo
a novia como era tan pilla
tornou o novio por baixo.